

RÍOS E CLIMAS DE EUROPA E ESPAÑA

Os ríos europeos da vertente do mar Negro...

- a. son longos e caudalosos.
- b. son pouco caudalosos.
- c. xéanse no verán.

O río Volga encóntrase na vertente...

- a. do mar Negro.
- b. mediterránea.
- c. do mar Caspio.

Europa encóntrase entre as zonas climáticas...

- a. cálida e temperada.
- b. fría e temperada.
- c. moi cálida.

O clima europeo que ten temperaturas moi baixas no inverno e frescas no verán é o...

- a. de montaña.
- b. continental.
- c. oceánico.

Nas zonas europeas con clima mediterráneo, a vexetación é de...

- a. faias e carballos.
- b. taigas.
- c. bosques de aciñeira e sobreira.

O caudal dos ríos españois...

- a. varía segundo a proximidade ao mar.
- b. depende do clima e da súa vertente.
- c. depende do clima e do relevo da zona.

Os ríos españois con caudal abundante e regular corresponden á vertente...

- a. mediterránea.
- b. cantábrica.
- c. atlántica.

Os ríos máis longos de España pertencen á vertente...

- a. atlántica.
- b. cantábrica.
- c. mediterránea.

Os catro tipos de clima que se dan en España son...

- a. o oceánico, o desértico, o subtropical e o mediterráneo.
- b. o oceánico, o continental, o subtropical e o mediterráneo.
- c. o oceánico, o de montaña, o subtropical e o mediterráneo.

O río Tormes é un afluente do...

- a. Texo
- b. Douro.
- c. Turia.